

**Convocatoria de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación – Curso 2025/2026 – Liña 1 - Comedores**

**Bases reguladoras.-** A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 27 de marzo de 2024 e publicadas no BOP nº 74 de 16 de abril de 2024.

**Persoas destinatarias.-** Familias empadroadas no Concello de Arteixo con anterioridade á apertura de prazo da convocatoria anual, con descendentes ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos que sexan usuarios do servizo de comedor escolar non xestionado pola administración autonómica e que estea prestado por ANPAS ou por profesionais por conta propia.

**Contía.-** O importe total destinado a esta liña de axudas é de 200.000,00 €, gasto imputable á partida 320.48903 da anualidade 2026.

**Obxecto, condicións e finalidade.-** Axudas destinadas aos estudantes dos niveis obrigatorio e non obrigatorio matriculados en centros sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos definidos nas Bases.

Esta liña de axudas ten como obxecto apoiar ás familias con menos ingresos e recursos a fin de que os seus fillos e fillas poidan empregar o servizo de comedor escolar.

A finalidade desta liña de axudas é apoiar ás familias mediante o establecemento de liñas de axuda que permitan que as unidades familiares con reducidos apoios económicos poidan acceder a recursos que palíen, na medida do posible, as situacións de crise que se producen.

**Réxime de concesión.-** Concorrenza competitiva.

**Requisitos para solicitar a axuda e forma de acreditarlos.-**

- Acreditar empadramento no Concello de Arteixo con antelación á data de solicitude da axuda, polo menos o estudante cun dos proxenitores. Dado o carácter municipal da axudas, este requisito deberá manterse durante todo o curso.
- Convivir coa persoa beneficiaria (estudante).

- Ostentar a tutela legal do/a estudante para o que se solicita a axuda ou ter concedido o acollemento familiar deste.
- Non superar a renda per cápita máxima de 100% do IPREM vixente no momento da convocatoria (computándose 12 pagas).
- Ser alumnado matriculado ou con reserva de praza no 2º ciclo de ensino infantil, ensino obrigatorio (primaria e secundaria), bacharelato ou formación profesional en centros sostidos con fondos públicos.
- Ser usuario fixo do servizo (continuo ou discontinuo).
- Presentar solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado, asinado por ambas persoas proxenitoras, salvo nos casos nos que a custodia sexa atribuída ou exercida por unha soa persoa.
- Achegar toda a documentación e autorizacións requeridas.
- Ter cumprido coas obrigas derivadas da participación na convocatoria anterior.
- Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Acreditar non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas, segundo o disposto no artigo 13 de Lei Xeral de Subvencións.
- Non ter en trámite ningún expediente de reintegro de subvencións.
- A persoa solicitante deberá dispoñer de DNI, NIE ou número de identificación fiscal válido antes da aprobación da listaxe provisional de concesión ou denegación da axuda solicitada.
- Calquera outro establecido na normativa sectorial de aplicación.

Os requisitos deben reunirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manteranse ata a finalización da actividade subvencionada.

#### **Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.-**

- Xunta de Goberno Local: aprobación da convocatoria anual, da concesión e da xustificación
- Comisión de estudo: comprobación do cumprimento dos requisitos, obtención de datos necesarios e revisión da documentación.
- Comisión de valoración: valoración dos expedientes de solicitude, elevación de propostas á Xunta de Goberno Local para a aprobación de propostas de concesión e denegación.

**Prazo de presentación.-** 15 días a partir da publicación da convocatoria no BOP.

**Prazo de resolución e notificación.-** O prazo máximo para resolver a convocatoria e publicar será de 6 meses.

**Documentación e información que debe adxuntarse á solicitude.-** A documentación e información que deberá acompañarse ao modelo normalizado de solicitude é a seguinte:

As persoas interesadas deberán aportar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificado de matrícula emitido polo centro, cando este estea fóra do termo municipal de Arteixo.
- Para acreditar a conciliación da vida laboral e familiar, certificación das empresas empregadoras no que se especifique o horario laboral.
- Nos casos de unións de feito con descendentes recoñecidos, separación ou divorcio, copias das sentenzas e do convenio regulador aprobado xudicialmente, así como xustificantes bancarios das aportacións económicas establecidas. No caso de impagos, copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.
- No caso de menores en situación de acollemento, copia do certificado do organismo competente e, no seu caso, contía da remuneración que se perciba.
- Outra documentación para xustificación de ingresos:
  - Demandantes de emprego con prestación: declaración responsable da situación e fotocopia da comunicación da concesión.
  - Demandantes de emprego sen prestación: declaración responsable de que é demandante e non percibe prestacións.
  - Perceptores/as de RISGA: declaración responsable de ser persoa perceptora.
  - Certificado de monoparentalidade, de ser o caso.
  - A situación de violencia de xénero acreditarase a través de calquera dos medios que permite o artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero, de ser o caso.
  - Título de familia numerosa, de ser o caso.

- Certificado de discapacidade do/a menor para o/a que se solicita a xuda, superior ao 33%, de ser o caso.
- No caso de utilizar servizo de comedor diferente aos dos centros públicos do termo municipal, deberán achegar o seguinte:
  - Acreditación de dispoñibilidade de praza
  - Presuposto conformado emitido polo prestador do servizo
  - Compromiso da entidade prestadora do servizo de adhesión ao sistema de pago previsto nas bases reguladoras.
- Só no caso de que non se autorice ao Concello de Arteixo á súa consulta, a unidade familiar deberá aportar a correspondente documentación acreditativa:
  - Certificado tributario de terceiras persoas – IRPF
  - Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias para obter subvencións públicas
  - Informes da Seguridade Social da situación laboral

No caso de achegar resguardo de petición de calquera documentación, o documento pendente adxuntarase en canto se teña recibido, sendo responsabilidade da persoa solicitante, sin que por parte da entidade local se formalice requerimento. A non presentación do orixinal ou copia compulsada entenderase como desestimento da solicitude.

**Recursos.-** A resolución da convocatoria porá fin á vía administrativa e poderá ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou, ou ser impugnada mediante a interposición de recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación/notificación.

**Réxime de concesión.-** Concorrenza competitiva

**Criterios de valoración.-** As solicitudes serán valoradas segundo os seguintes criterios:

a) Situación familiar, social e laboral

	Situación	Puntos
A.1	Familias dun só/a proxenitor/a que teñan esgotado calquera tipo de axuda ou subsidio por desemprego	6
A.2	Unidades familiares nas que ambos proxenitores ou titores legais teñan esgotado calquera tipo de axuda ou subsidio por desemprego	5

A.3	Familias monoparentais en situación de empregado en activo	4
A.4	Ambos proxenitores en situación de empregados en activo	4
A.5	Familias monoparentais en situación de desempleado perceptor	3
A.6	Unidades familiares nas que ambos proxenitores estean en situación de desempleado perceptores	3
A.7	Unidades familiares nas que un dos membros estea en situación de desempleado perceptor e o outro non perceptor	3
A.8	Unidades familiares nas que un dos membros estea en situación de desempleado non perceptor e outro de empregado activo	2,5
A.9	Unidades familiares nas que un dos membros estea en situación de desempleado perceptor e o outro de empregado activo	2
A.10	Coincidencia de horarios por cuestións laborais cos horarios de comedor <sup>(1)</sup> de ambos proxenitores, proxenitor monoparental ou titores legais	1
A.11	Monoparentalidade	1
A.12	Violencia de xénero	1
A.13	Familias numerosas	1
A.14	Discapacidade do/a menor para o/a que se solicita a axuda, igual ou superior ao 33%	1

(1) Esta coincidencia deberá ser certificada polo empregador. Só se valorará para as solicitudes de escolares en idade de escolarización obrigatoria.

No caso de que se acredite, a puntuación engadirase á obtida por outras circunstancias compatibles cando se acredite por ambos proxenitores, agás para monoparentais ou circunstancias análogas.

#### b) Situación económica da unidade familiar e de convivencia

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia.

	Renda per cápita	Puntos
B.1	Inferior a 0,50 veces o IPREM	8
B.2	Entre 0,50 e menor a 0,55 veces o IPREM	6
B.3	Entre 0,55 e menor a 0,60 veces o IPREM	4
B.4	Entre 0,60 e menor 0,65 veces o IPREM	2
B.5	Entre 0,65 veces e 100 % do IPREM	1

No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Aos ingresos da unidade familiar (segundo declaración da renda ou certificado de imputación de rendas que emite a AEAT ou outros documentos que se aporten para a valoración da situación), engadiranse as posibles pensións de alimentos establecidas nas

eventuais sentenzas de separación ou convenios reguladores aprobados xudicialmente.

No caso de que a custodia do menor sexa exercida e atribuída a ambas persoas proxenitoras, serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose as dúas persoas proxenitoras como membros da unidade familiar.

No caso de que a custodia do menor sexa exercida ou estea atribuída en exclusiva a unha única persoa proxenitora, serán obxecto de valoración os seus ingresos, xunto coas medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente, de ser o caso.

En casos distintos dos anteriores, computaranse os ingresos de ambos proxenitores, salvo que a persoa que figure como representante legal do menor na solicitude da axuda, presente unha copia completa da demanda para o establecemento de medidas paterno-filiais onde conste que se está solicitando o exercicio da garda e custodia por parte da persoa que figura como representante do menor na solicitude de axuda. A documentación deberá acompañarse da xustificación da presentación de dita demanda ante o xulgado.

No caso de que a declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio a consultar pola entidade municipal para a valoración do expediente, fose presentada na modalidade conxunta para ambos proxenitores, pero da configuración actual da unidade familiar nuclear resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse os ingresos que figuran na declaración do IRPF ao 50%.

c) Situación social do menor (de 0 a 5 puntos)

Para esta valoración será preceptivo o informe técnico sobre a situación social do menor. Dito informe será tramitado de oficio e remitido polos Servizos Sociais do Concello para aqueles casos de especiais características que poidan supoñer motivos de risco ou exclusión social.

d) Outras circunstancias

As circunstancias laborais, económicas ou familiares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria poderán terse en conta se a persoa solicitante presenta recurso e se acrediten variacións de ingresos que supoñan unha merma mínima do 20% no cómputo anual fronte aos que figuran na declaración do IRPF correspondente ao ano de valoración da solicitude de axuda. Neses casos, poderase solicitar revisión da puntuación achegando a documentación que acredite dito cambio segundo corresponda (situación laboral, familiar e/ou familiar). Para proceder á modificación da puntuación inicial, a variación deberá terse mantido nun período mínimo de 6 meses.

**Reformulación da solicitude.-** Non procede

**Xestión, pago e xustificación.-** A concesión da axuda implica a cesión do dereito de cobro ás ANPAS ou ás entidades prestadoras do servizo e son estas as que presentarán despois da prestación do servizo un certificado no que se concretará o número de servizos prestados xunto cun resumo no que se concreten os servizos por cada persoa usuaria.

**Medio de notificación ou publicación.-** A publicación substitúe á notificación por tratarse dun procedemento de concurrencia competitiva.